

**MODIFICACIÓN DA CONCRECIÓN
CURRICULAR.
CURSO 2021/2022**

**CENTRO: IES Nº 1 O CARBALLIÑO
DATA: 01/04/2022**

Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Criterios xerais para a avaliación do alumnado.**
- 2. Criterios do outorgamento de mencións honoríficas (primaria) e matriculas de honra (ESO/BAC)**
- 3. Decisións e criterios xerais na modificación das programacións didácticas do curso 2021/22.**
- 4. Aprobación e publicidade da modificación da concreción curricular.**

1. Criterios xerais para a avaliación do alumnado

1.1. Criterios para o tratamento de materias pendentes

ESO: (Orde do 8 de setembro de 2021).

1. O alumnado de educación secundaria obrigatoria que promocióne de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias, destinado á súa recuperación e á súa superación.
2. O plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia que a alumna ou o alumno teñan pendente de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte da alumna ou do alumno.
3. O plan de reforzo debe incluír, cando menos:
 - a) Identificación da alumna ou do alumno.
 - b) Información relevante sobre a materia ou as materias sen superar.
 - c) Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación.
 - d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
 - e) Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.
 - f) Tarefas para realizar, coa debida temporalización.
 - g) Seguimento e avaliación.
 - g) Acreditación da información á familia.
4. En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que proceda, **podendo realizar as actividades de recuperación que se desenvolven entre a 3ª avaliación e a avaliación final ordinaria (6 de xuño)**. Na sesión de avaliación final do curso en que estean escolarizados o alumno ou a alumna, a profesora ou o profesor da materia pendente decidirán sobre a súa avaliación, nos termos que se establecen na normativa que regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria. En todo caso, para superar a materia pendente, a alumna ou o alumno deberán obter avaliación positiva no plan de reforzo correspondente, o que se terá en conta para os efectos de promoción e/ou titulación

BAC:

O artigo 11 da Orde de calendario escolar, para o curso 2021-2022, establece o alumnado de 2º de Bacharelato con materias pendentes será convocado a unha proba final a cal se adecuará ás **datas previstas para** a ABAU. A avaliación de pendentes terá que ser anterior á das materias de segundo curso. Esa cualificación irá na avaliación final ordinaria. Logo, se tras a avaliación final ordinaria tivese suspensa algunha materia pendente de primeiro, seríalle de aplicación o artigo 13.4 da Orde do 25 de xaneiro de 2022, é dicir, este alumnado terá dereito a unha proba extraordinaria nas datas que se determinen na norma que estableza o calendario escolar. para cada curso.

<p>1.2. Criterios de promoción do alumnado de curso/etapa</p>	<p>Os criterios de promoción na ESO son superar todas as materias ou ámbitos cursados, ou ter avaliación negativa nunha ou dúas materias (artigo 8). Ademais, no caso de ter máis de dúas suspensas, a norma establece catro criterios que se teñen que dar simultaneamente:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco. 2) Que o equipo docente considere que a natureza das materias non superadas lle permite seguir con éxito o curso seguinte. 3) Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación (circunstancias persoais coma doenzas, problemas familiares graves...). 4) Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica. (manter o grupo de iguais...) 5) Que o alumno/a realizou actividades necesarias para a súa avaliación. <p>No caso do Bacharelato, os criterios de promoción de primeiro a segundo establece que esta se producirá cando supere todas as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en dúas materias como máximo (artigo 14). Para os efectos deste apartado, só se computarán as materias que como mínimo a alumna ou o alumno deben cursar en cada un dos bloques. No bloque de materias de libre configuración autonómica e de centro só se computará Lingua galega e literatura, con independencia de que as alumnas e os alumnos poidan cursar máis materias do devandito bloque.</p>
<p>1.3. Criterios de Titulación</p>	<p>Os criterios de titulación na ESO son superar todas as materias ou ámbitos cursados, ou que se cumpran simultaneamente as seguintes tres condicións (artigo 10):</p> <ol style="list-style-type: none"> 1) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco. 2) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno adquirise as competencias establecidas. 3) 3) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa. <p>Os criterios de titulación de Bacharelato son ter avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de bacharelato (artigo 15). Excepcionalidade tamén poderá obter o título de bacharelato o alumnado que teña todas as materias superadas agás unha, e se cumpran simultaneamente os seguintes catro criterios:</p> <ol style="list-style-type: none"> a) Que o equipo docente considere que a alumna ou o alumno alcanzou as competencias e os obxectivos vinculados a ese título. b) Que non se produciu unha inasistencia continuada e non xustificada por parte da alumna ou do alumno na materia. (10% do horario mensual, aplicando o protocolo, serían 12.8 horas) c) Que a alumna ou o alumno se presentou ás probas e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación, incluídas as da convocatoria extraordinaria, os departamentos deberían recoller na súa programación didáctica cales son as “ actividades necesarias “ , tendo en conta os mínimo establecidos en devantita programación. d) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias da etapa cursadas que como mínimo se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata sexa igual ou superior a cinco. Neste caso, para os efectos do cálculo considerárase a nota numérica obtida na materia non superada.

2. Criterios do outorgamento de mencións honoríficas (primaria) e matriculas de honra (ESO/BAC)

2.1. Criterios xerais

CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DA MATRICULA DE HONRA EN CUARTO DE ESO

Segundo a ORDE do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia. Artigo 12.

Matrícula de honra

1. As alumnas e os alumnos que, logo da avaliación final do cuarto curso, obtivesen unha nota media do cuarto curso igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no cuarto curso. En todo caso, cando no centro docente o total de alumnado matriculado no cuarto curso de educación secundaria obrigatoria sexa inferior a vinte, poderá concederse unha mención de matrícula de honra.

2. A obtención da mención de matrícula de honra será consignada nos documentos de avaliación da alumna ou do alumno.

3. Os criterios para a concesión das mencións de matrícula de honra ao alumnado serán previamente acordados e establecidos na concreción curricular do centro, e deben ser obxectivos e públicos.

Os equipos docentes poderán conceder a mención de "Matrícula de honra" despois de finalizar todas as sesións de avaliación de cuarto de ESO . O procedemento será o seguinte :

1. Maior nota media en 4º ESO

2. En caso de que haxa coincidencia ,os criterios de desempate serán os que seguen e por esta orde:

- a. Mellor nota media en terceiro de ESO
- b. Maior número de 10 en 4º ESO
- c. Maior número de 10 en 3º ESO
- d. Maior número de 9 en 4º ESO
- e. Maior número de 9 en 3º ESO
- f. Maior nota media de 1º e 2º de ESO

Para Bacharelato sería 3 matriculas e para 4º ESO serían 1 neste curso académico 2021-2022.

2. Criterios do outorgamento de mencións honoríficas (primaria) e matriculas de honra (ESO/BAC)

2.1. Criterios xerais

g. Se persistira o empate, farase un sorteo público. Ao sorteo asistirá convocado pola Xefatura de Estudos, o alumnado que aspire a ter a matrícula de honra podendo asistir os pais e nais ou titores legais dos mesmos. Estarán presentes os titores ou titoras de 4º de ESO e o secretario do centro, quen levantará acta, que se xuntará á acta da sesión de avaliación. Dita mención terá carácter provisional ata que finalice o prazo de reclamacións e resolución das mesmas.

CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DA MATRICULA DE HONRA EN SEGUNDO DE BACHARELATO

Segundo a ORDE do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia. Artigo 12. Matrícula de honra 1. As alumnas e os alumnos que, logo da avaliación final do cuarto curso, obtivesen unha nota media do cuarto curso igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no cuarto curso. 2. A obtención da mención de matrícula de honra será consignada nos documentos de avaliación da alumna ou do alumno. 3. Os criterios para a concesión das mencións de matrícula de honra ao alumnado serán previamente acordados e establecidos na concreción curricular do centro, e deben ser obxectivos e públicos. Os equipos docentes poderán conceder a mención de "Matrícula de honra" despois de finalizar todas as sesións de avaliación do segundo curso de bacharelato. O procedemento e será o seguinte : 1. Mellor nota media en 2º de Bacharelato. 2. En caso de que haxa coincidencia ,os criterios de desempate serán os que seguen e por esta orde :

- a) Maior nota media de 1º de Bacharelato .
- b) Maior número de materias cualificadas cun 10 no segundo curso de bacharelato.
- c) Maior número de materias cualificadas cun 9 no segundo curso de bacharelato.
- d) Maior número de materias cualificadas cun 10 no primeiro curso de bacharelato.
- e) Maior número de materias cualificadas cun 9 no primeiro curso de bacharelato .
- f) Se persistira o empate, farase un sorteo público. Ao sorteo asistirá convocado pola Xefatura de Estudos, o alumnado que aspire a ter a matrícula de honra podendo asistir os pais e nais ou titores legais dos mesmos. Estarán presentes os titores ou titoras de 2º de Bacharelato e o secretario do centro, quen levantará acta, que se axuntará á acta da sesión de avaliación. Dita mención terá carácter provisional ata que finalice o prazo de reclamacións e resolución das mesmas.

3. Criterios xerais na modificación das programacións didácticas do curso 2021/2022

3.1. Procedemento para seguimento da recuperación das materias/ámbitos pendentes.

- En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que proceda.
- Poderase realizar as actividades de recuperación que se desenvolven entre a 3ª avaliación e a avaliación final ordinaria no caso de non ter superadas as materias ou ámbitos pendentes.
- Na sesión de avaliación final do curso en que estean escolarizados o alumno ou a alumna, a profesora ou o profesor da materia pendente decidirán sobre a súa avaliación. En todo caso, para superar a materia pendente, a alumna ou o alumno deberán obter avaliación positiva no plan de reforzo correspondente, o que se terá en conta para os efectos de promoción e/ou titulación

3.2. Criterios xerais nas actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría para o período comprendido entre a 3ª avaliación e avaliación final na ESO/ 1 BAC

- As actividades de recuperación están destinadas a conseguir que o alumnado acadese o nivel de desempeño naqueles obxectivos e competencias nos que non ten o nivel mínimo necesario. Esas actividades serán avaliadas co correspondente instrumento, como sucede no resto do curso, e a partir de aí determinarase se o alumno acadou o nivel de desempeño necesario neses obxectivos e competencias. Do mesmo modo que sucede durante o resto do curso, os instrumentos de avaliación teñen que ser diversos e adecuados para cada criterio de avaliación en función dos obxectivos e competencias que se queren valorar.
- O alumnado que teña superadas as avaliacións podería subir a súa cualificación. Non obstante, non podería baixala. No período comprendido entre a 3ª avaliación e a avaliación final ordinaria, o alumnado pode ser avaliado de novo para mellorar a súa cualificación daqueles criterios de avaliación aplicados a aquelas unidades didácticas nas que non obtivera a máxima nota. Esta avaliación realizarase empregando os procedementos e instrumentos máis idóneos e non ten que ser necesariamente unha proba escrita. De feito, os instrumentos de avaliación deberían ser os mesmos que se empreguen para o alumnado que ten recuperar. O que non é posible é que este alumnado con todas as avaliacións superadas baixe a nota. En conclusión, pode subir a cualificación en función do que corresponda tras aplicar os criterios de cualificación á avaliación na que mellorou as súas aprendizaxes, e logo, o que corresponda segundo os criterios de cualificación da avaliación final ordinaria.
- Todo estes criterios estarán recollidos **na addenda** da programación didáctica.

3.3. Criterios xerais nas actividades de preparación probas extraordinarias e e avaliación de acceso á universidade para o período comprendido entre a avaliación final ordinaria e remate do período lectivo en 2º BAC.

- Co fin de preparar as probas extraordinarias así como a ABAU no período comprendido entre a avaliación final ordinaria e a avaliación extraordinaria así como entre o remate das actividades lectivas en 2ºBac e a realización das probas de acceso á **universidade o profesorado atenderá no seu horario ao alumnado. No caso de non haber alumnado o profesorado integrárase nas persoas que fan garda**

3.4. Protocolo para a elaboración do Informe avaliación individualizado que debe servir de base para o deseño das correspondentes actividades de recuperación para o alumnado con materias/ámbitos con partes sen superar na etapa da ESO.

-O informe de avaliación está recollido no artigo 7.8 da Orde do 25 de xaneiro de 2022. Nel se indica que na terceira avaliación parcial o profesorado elaborará un informe a partir do cal se deseñarán as actividades de recuperación. Nel recolleranse os criterios de avaliación e os obxectivos e competencias nos que o alumnado non acadou o nivel de desempeño necesario e que terá que recuperar **e ampliar**. A partir de

dese informe, cada docente elaborará as actividades de recuperación necesarias para acadar o nivel de desempeño **necesario** aplicando os correspondentes criterios de avaliación.

-Tamén haberá un informe individualizada para o alumnado que teña a materia superada e poida subir nota.

-A cualificación final do alumnado nese momento, susceptible de recuperación ou subida de nota anarecerá reflexada nese informe

3.6. Indicar o modelo a utilizar por todo o profesorado para a modificación das programacións didácticas

- Modelo conforme o presentado no claustro do día 30 de marzo de 2022.

4. Aprobación e publicidade	
4.1. Aprobación	Aprobación polo Claustro o día 30 de marzo de 2022.
4.2. Publicidade	<p>Procedemento de publicidade da modificación da concreción curricular e das programacións didácticas.</p> <ul style="list-style-type: none">• Data publicidade na páxina web do centro: 25/04/2022• Datos información ás familias/alumnado por parte dos titores/as e a través de Abalar móbil.: 25/04/2022.